

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E O CONCELLO DE CARBALLEDA DE VALDEORRAS PARA A POSTA EN MARCHA DUN PROGRAMA DE MELLORA DA CALIDADE DOS SERVIZOS SANITARIOS NO CONCELLO.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

o Xerente do Servizo Galego de Saúde **DECLARA**

- Que o Presidente do Servizo Galego de Saúde formalizou o día 9 de abril de 2025 co Concello de Carballada de Valdeorras o instrumento convencional arriba referido, que terá unha vixencia dun ano contado a partir da data da súa sinatura, con posibilidade de prórroga por dúas anualidades adicionais.

- Que o instrumento convencional ten por obxecto, segundo expresa o texto do acordo, *“implementar no Concello de Carballada de Valdeorras un Programa de mellora da calidade dos servizos sanitarios para a súa poboación, tendo en conta os resultados positivos acadados noutros Concellos para programas similares.”*

Para logralo, co convenio se trata de *“facilitar unha solución habitacional por parte do Concello de Carballada de Valdeorras ao persoal sanitario do Servizo Galego de Saúde con residencia fóra da Comunidade Autónoma de Galicia ou do dito concello”*.

- Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxectivo referido.

- Que o instrumento convencional asinado fundaméntase, segundo o seu texto, en que: *“no Concello de Carballada de Valdeorras, ao tratarse dun ámbito rural, existe dificultade de cobertura das prazas de persoal facultativo. Ao mesmo tempo, este Concello está próximo ao Hospital público comarcal do Barco de Valdeorras, onde tamén hai dificultades para cubrir as prazas de persoal facultativo.*

Cómpre dispoñer, pois, os mecanismos oportunos para a cobertura da demanda da poboación do Concello, especialmente no eido da medicina de familia, incentivando a elección deste Concello de xeito que dita demanda poida ser atendida nas mellores condicións polos profesionais sanitarios.”

- Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Ley 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estimouse xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asino esta memoria, en Santiago de Compostela.

